



ACCIÓN DE PLANIFICACIÓN URBANA

-  **C1** Catálogo de solucións de deseño urbano
-  **C2** Plan estratéxico de infraestruturas ecolóxicas: Plan Especial Biodinámico
-  **C3** Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)

ACCIÓN DEMOSTRATIVAS

-  **C4** Frondosas
-  **C5** Cultivos enerxéticos
-  **C6** Souto de variedades tradicionais
-  **C7** Restauración de humidal - ENIL (Espazo Natural de Interese Local)
-  **C8** Arboretum
-  **C9** Agricultura urbana
-  **C11** Edificio Impulso Verde



Impulsado por:



Concello de Lugo

Financiado por:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE

Socios:



POLITÉCNICA



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible

Arboretum de especies leñosas autóctonas



lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostible.

Arboretum: plantación de árbores e outras plantas leñosas destinada a fins científicos e didácticos, como o estudo do seu crecemento, da súa adaptación ao clima e ao solo. Mellora da biodiversidade e da paisaxe. Zona de observación, disfrute e contemplación.

No polígono industrial das Gándaras (Lugo), establécese no ano 2018 un Arboretum de especies leñosas autóctonas nunha superficie aproximada de 5 ha con fins educativos, culturais, paisaxísticos, e de mellora da biodiversidade, protectores e recreativos.



O Arboretum

A través dun percorrido pola recreación de rodais de 8 bosques autóctonos galegos podemos coñecer máis de 55 especies arbóreas e arbustivas autóctonas:

- Un Bosque de Ribeira, no que se mesturan salgueiros, chopos, freixos, lamigueiros, abeleiras, lodoeiros...
- Un Bosque Mediterráneo, onde a carrasca (*Quercus ilex subsp. ballota*) e a sobreira (*Quercus suber*) conviven con sanguiños, acrivros, érbedos, escornacabras, estevas, loureiros...
- Un Cerqueiral, dominado pola presenza do cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e no que podemos atopar ademais castiñeiros, serbais, uces...
- Dúas carballeiras:
 - Carballeira de Carballo Pedunculado, onde o carballo común (*Quercus robur*) convive con freixos, cerdeiras, bidueiros, loureiros...
 - Carballeira de Carballo Albar, dominada pola presenza do carballo albariño (*Quercus petraea*) e no que se atopan ademais pradairos, faias, sanguiños...
- Un Faial, no que as faias (*Fagus sylvatica*) se acompañan de acivros, teixos, capudres...
- Un Bosque Mixto, coa presenza de abeleiras, freixos, cerdeiras, carballos, sabugueiros...
- Un Bidueiral, onde os bidueiros (*Betula pubescens*) se mesturan con cerdeiras, capudres, acrivros, uces...

Na parte final do percorrido atopamos unha Matogueira, hábitat de pequenos mamíferos e diferentes paxaros, formada por toxos (*Ulex spp.*) e xestas (*Cytisus spp.*).



A flora do bosque

Zonificación:

- 1 Bosque mediterráneo.
- 2 Cerqueiral.
- 3 Bosque de ribeira.
- 4 Plantas aromáticas.
- 5 Bosque de ribeira autóctono.
- 6 Carballeira de carballo pedunculado.
- 7 Carballeira de carballo albar.
- 8 Faial.
- 9 Bosque mixto.
- 10 Bidueiral.
- 11 Matogueira.

